

aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2006.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO

Área ou ámbito da praza	Candidatos seleccionados
Asesoría de bibliotecas escolares	Cristina Novoa Fernández Pilar Sampedro Martínez
Asesoría de bioloxía e xeoloxía	Alberto Rodríguez Rogina
Asesoría de educación infantil	Eva García Sexto
Asesoría de educación primaria	Emilio Antonio García Fernández
Asesoría de ciencias sociais, xeografía e historia	Raúl Soutelo Vázquez
Asesoría de física e química	José Francisco Serrallé Marzoa
Asesoría de linguas estranxeiras	Francisco Javier San Isidro Agrelo María Blanca Fraga Lago
Asesoría de educación en valores	Rosa María Fernández García

*Orde do 24 de agosto de 2006 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos de directores e/ou directoras dos centros de formación e recursos convocado pola Orde do 20 de xuño de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 21 de xuño).*

Por Orde do 20 de xuño de 2006 (DOG do 21 de xuño) convócase concurso de méritos entre funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, con destino en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para cubriren postos de directores e/ou directoras dos centros de formación e recursos

En aplicación do disposto no artigo 8 da orde de convocatoria, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo que se xunta, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso de méritos convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 8.2º da Orde do 20 de xuño de 2006 (DOG do 21 de xuño) os seleccionados quedarán adscritos aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2006.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO

Centros de formación e recursos	Candidatos seleccionados
A Coruña	Celestino Pérez Recarey
Ferrol	Xosé Ramos Rodríguez
Santiago de Compostela	Gonzalo Anaya García
Lugo	Manuel Díaz Regueiro
Ourense	José Lage Rodríguez
Pontevedra	María M. Álvarez Lires
Vigo	Francisco Javier Portas Oliveira

*Orde do 24 de agosto de 2006 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubriren postos de asesores nesta consellería.*

Por Orde do 24 de abril de 2006 (DOG do 3 de maio) convócase concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubriren postos de asesores na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En aplicación do disposto no punto décimo segundo da orde de convocatoria, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo que se xunta, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso de méritos específico convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no punto décimo segundo da Orde do 24 de abril de 2006 (DOG do 3 de maio) os seleccionados quedarán ad-